
Castelo dos condes

Sen lugar a dúbidas a fortaleza dos Condes de Ribadavia xogou un papel decisivo na historia de Galicia pois foi unha das maiores fortalezas medievais. Aínda que a súa orixe data do século IX, a meirande parte do castelo foi construído na segunda metade do século XV ao instituírse o Condado de Ribadavia.

No interior pódense ver importantes restos labrados no penedo que datan do s. IX, e un sepulcro do s. XII, testemuñas do cemiterio que estaba ligado a antiga igrexa de San Xés alí situada. Coa derradeira restauración levada a cabo, o castelo abre novos espazos daquela ocultos que amosan a organización interna, os diferentes niveis de construción para defensa e a que a fortaleza posuía, destacando os restos da antiga torre de San Xes, o depósito de auga ou estanque, as adegas e restos da horta e xardín.

URL de orixe: <http://turismoribadavia.com/node/118>